

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DAS PRIMEIRAS ADDENDAS AOS CONVENIOS ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2025-2026 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027.

### ANTECEDENTES

A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

De acordo coa Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as competencias da Xunta de Galicia en materia de incendios forestais serán exercidas polo Consello da Xunta e pola consellería competente en materia forestal. Así mesmo, correspóndelle á Xunta de Galicia elaborar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) e á consellería competente en materia forestal exercer estas competencias.

Este plan engloba todas aquelas accións encamiñadas a eliminar ou reducir os riscos que poden ser causa da ocorrencia de incendios forestais e da súa propagación e recolle a intensificación da coordinación e cooperación coas administracións locais.

Estes traballos deben escalonarse no espazo-tempo, atendendo á calidade dos ecosistemas forestais e ao risco potencial de incendio, así, no PLADIGA, se recollen os medios humanos e materiais que participan na defensa contra incendios forestais. Este dispositivo inclúe, ademais dos medios propios os medios cos que colaboran as administracións locais.

Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a





prevención e extinción de incendios; e consonte ao disposto nos artigos 8 e 59.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que prevén de forma explícita a colaboración e cooperación entre a Xunta de Galicia e os concellos en materia de prevención de incendios forestais.

Neste contexto, a Consellería do Medio Rural, a Consellería do Medio Rural subscribiu convenios de colaboración coas entidades locais de Galicia cuxos principais obxectivos son:

A cooperación en actuacións preventivas contra incendios forestais mediante a xestión da biomasa vexetal coa aplicación de tratamentos silvícolas nas áreas forestais e de influencia forestal co fin de diminuír a carga de combustible e crear discontinuidades horizontais e verticais para que se consigan modelos de combustibles nos que o lume, en caso de producirse, avance con maior lentitude, menor intensidade e con chamas de menor lonxitude e actuacións de vixilancia e extinción, de acordo cos principios de intervención rápida, acción de conxunto e concentración de esforzos, integrando no dispositivo contra incendios forestais medios e recursos (motobombas e brigadas) das entidades locais.

## RELACIÓN DE ACTUACIÓNS CONCRETAS OBXECTO DE COLABORACIÓN

As actuacións concretas que son obxecto dos actuais convenios son as seguintes:

1.- Actuacións en materia de extinción de incendios:

- a) "Vehículo motobomba": vehículo todoterreo equipado con cisterna e bomba de auga.
- b) "Labores de vixilancia e defensa": unidade composta por 5 ou 4 persoas que realizarán labores de defensa e extinción de incendios durante un período de operatividade de 3 meses. Para a súa constitución deberán cumprir as condicións establecidas na cláusula oitava.

2.- Actuacións en materia de prevención de incendios:

- a) "Labores de prevención de xeito manual": traballos de roza manual e/ou de investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal con redacción do informe de xestión de biomasa consonte co establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- b) "Tratamentos preventivos de xeito mecanizado": rozas mecanizada de matogueira con apeiro rozador de cadeas ou similar acoplado a tractor.





## NECESIDADE DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO EN VIGOR

Os pasados tres meses, unha boa parte do territorio galego estivo a padecer unha situación de intensa seca. A mediados de agosto, en moitas zonas de Galicia, levaba sen chover case 100 días co que o solo se atopaba extremadamente seco na maior parte do territorio. A situación meteorolóxica foi de altas temperaturas e ausencia de choivas, polo que índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) no mes de agosto reflectiu moitos días nos que o mapa de Galicia se atopaba case na súa totalidade en situación de moi elevado ou extremo.

Este IRDI é o índice usado como referencia a efectos da limitación do uso de maquinaria en zonas de influencia forestal. Así, a Ley 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, no seu artigo 48.6 establece:

“ Cando, de acordo coa información meteorolóxica da Axencia Estatal de Meteoroloxía ou, no seu caso, do órgano autonómico correspondente no caso das comunidades autónomas que contén co devandito servizo, sexa predicible nun determinado ámbito territorial un risco de incendio de nivel moi alto ou extremo, as comunidades autónomas deberán aplicar inmediatamente as prohibicións e limitacións de circulación e acceso establecidas nos seus plans de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais e, en todo caso, as seguintes:

- a) Acender lume en todo tipo de espazos abertos.
- b) A suspensión temporal, en tanto se manteña o referido risco, de todas as autorizacións concedidas de queima de restollos, de pastos permanentes, de restos de poda, e de restos silvícolas
- c) Acender lume nas áreas de descanso da rede de estradas, así como en zonas recreativas e de acampada, incluídas as zonas habilitadas para iso.
- d) A utilización de maquinaria e equipos nos montes e nas áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros ao redor daqueles, cuxo funcionamento xere deflagración, faíscas ou descargas eléctricas, salvo que o órgano competente da Administración autonómica haxa autorizado expresamente o seu uso ou resulten necesarias para a extinción de incendios.
- e) A introdución e uso de material pirotécnico.
- f) Arrojar ou abandonar obxectos en combustión ou calquera clase de material susceptible de orixinar un incendio.”





Por todo isto, os traballos de prevención de xeito mecanizado incluídos nos convenios víronse afectados, xa que en moitos concellos de Galicia tiveron prohibido realizar estes traballos durante o mes de agosto. Os traballos preventivos mecanizados que inclúe o convenio realízanse sobre vías e camiños forestais, áreas de devases ou nas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal e establécese como data límite para a súa realización e xustificación o 30 de setembro de cada ano.

Tendo en conta as circunstancias de prohibición do mes de agosto descritas e que a realización destes traballos é moi importante para a prevención e defensa contra incendios, consideramos necesario ampliar o prazo do que dispoñen as entidades locais para a súa realización nesta anualidade ata o 15 de outubro de 2025.

En consecuencia, deben realizarse os trámites oportunos para a sinatura das correspondentes addendas para a súa sinatura á maior brevidade debido a que o prazo obxecto desta modificación está próximo a rematar e todas as entidades locais beneficiarias deberán ter á súa disposición a sinatura desta addenda antes do 30 de setembro de 2025.

#### IMPORTES DA AXUDA AFECTADOS:

Esta modificación non afecta nen ao obxecto dos convenios asinados nen aos seus importes, afectando unicamente ao prazo de xustificación para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado para este ano 2025.

Non implica en ningún caso, incremento do orzamento por convenio, nin tampouco do número de exercicios orzamentarios aos que se imputan as devanditas obrigas.

Santiago de Compostela, coa data da sinatura dixital

O director xeral de Defensa do Monte

Manuel Rodríguez Vázquez





As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.  
CVE: UDNFWHUApP8 **Verificación:** <https://sede.xunta.gal/cve>

